



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Terminoloxía e Terminografía

Materia	Terminoloxía e Terminografía			
Código	V01M126V01221			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Gómez Clemente, Xosé María			
Profesorado	Gómez Clemente, Xosé María			
Correo-e	xgomez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Os obxectivos desta materia son os seguintes: 1. Coñecer a importancia lexicolóxica e lexicográfica das linguas de especialidade. 2. Coñecer os aspectos teóricos máis relevantes da Terminoloxía moderna. 3. Coñecer as metodoloxías de traballo que derivan das achegas teóricas. 4. Coñecer as ferramentas informáticas que serven de apoio ó traballo terminográfico. 5. Saber aplicar a teoría e a metodoloxía á elaboración dun produto lexicográfico.			

## Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B3	Capacidade dos/as estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
B4	Capacidade dos/as estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
B5	Capacidade dos/as estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster
C4	Capacidade dos estudantes para aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de corpus lingüísticos.
C5	Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido.
D1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
D4	Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
D6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
D8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Comprensión dos problemas que presenta o estudo do significado e adquisición das estratexias para delimitalo, defínilo e explícalo con criterios rigorosos e científicos.	A1 A4 B5 C4 D4
Coñecer a importancia lexicolóxica e lexicográfica das linguas de especialidade.	A1 A2 B3 B4 C5 D1 D6 D8

## Contidos

Tema	
1. As linguas de especialidade.	a. Lingua de especialidade e lingua común. b. A noción de especialidade e os niveis de especialidade c. Trazos lingüísticos dos textos de especialidade
2. Nocións de terminoloxía	a. Teorías da terminoloxía b. Denominación: procedementos de creación de neónimos c. Concepto: a definición e as relacións conceptuais
3. A terminografía.	a. Metodoloxías de traballo b. O dicionario terminolóxico c. Recursos informáticos para a elaboración de dicionarios i. Dicionarios baseados en corpus ii. Xestores de terminoloxía
4. Características dalgúns sistemas terminolóxicos concretos: a lingua da medicina.	a) Características lingüísticas. b) Os textos sobre medicina: a divulgación e a especialidade.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	6	15	21
Debate	3	4	7
Resolución de problemas	4	6	10
Traballo tutelado	1	25	26
Probas de resposta curta	1	10	11

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	As dúbidas que xurdiren para a elaboración dos traballos tutelados serán resoltas nas titorías presenciais ou telemáticas.
Lección maxistral	As dúbidas que xurdiren dos contidos teóricos e aplicados serán resoltas nas titorías presenciais ou telemáticas.

<b>Avaliación</b>						
	Descrición		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	Proporanse exercicios sobre os temas 1, 2 e 3 que serán avaliados.	20		B3	C4	D1
Traballo tutelado	O alumnado terá que facer un glosario, baseado en corpus e usando ferramentas informáticas, sobre textos de divulgación e media/alta especialización.	50	A2	B3	C4	D1
Probas de resposta curta	O alumnado, ó final do período de aulas, terá que responder preguntas baseadas nos contidos teóricos da materia.	30	A1	B5		D1
			A2			D6
			A4			D8

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

O sistema de avaliación na 1ª edición das actas é o que figura arriba. A asistencia ás aulas é obrigatoria, agás naqueles casos xustificadas. Na 2ª edición das actas o alumnado deberá presentar un traballo tutelado (70%) e presentarse a unha proba de resposta curta (30%). Esta última será realizada na data que determine a coordinación do título en calquera das dúas oportunidades de avaliación.

Valorarase a corrección lingüística nas probas presentadas.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

- Cabré Castellví, M. Teresa, **La terminología. Teoría, metodoloxía, aplicaciónes.**, 1ª, Antártida, 1993
- Pavel, Silvia e Dianne Nolet, **Manual de terminología.**, 1ª, Translation Bureau. Terminology and Standartizatio, 2001
- Rodríguez Río, Xusto, **Metdoloxía do traballo terminolóxico puntual en lingua galega.**, 1ª, Consello da Cultura, 2004
- Ciapuscio, Guiomar Elena, **Textos especializados y terminología**, 1ª, Institut Universitari de Lingüística Aplicada, 2003
- Temmerman, Rita, **Towards New Ways of Terminology Description. The Sociocognitive Approach.**, 1ª, John Benjamins Publishing Company, 2000

#### **Bibliografía Complementaria**

- Lerat, Pierre, **Las lenguas especializadas.**, 1ª, Ariel Lingüística, 1997
- Garrido, Carlos e Carlos Riera, **Manual de galego científico.**, 2ª, Através Editora, 2011
- Gutiérrez Rodilla, Bertha, **El lenguaje de las ciencias.**, 1ª, Gredos, 2005

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

As clases serán impartidas en lingua galega. Con todo, o alumnado poderá presentar os seus traballos en calquera das dúas linguas oficiais de Galicia. Se for necesario pola procedencia do alumnado, tamén se poderán impartir en castelán.